centro dramático galego

cdg.salonteatro
cdg.salonteatro
centrodramatico
www.centrodramatico.gal

UNHA PRODUCIÓN DO
CENTRO DRAMÁTICO GALEGO

Belén Constenla
Roberto Leal
Fernando Morán
Mabel Rivera
Eduardo R. Cunha "Tatán"

TERCEIRO ACTO

dirección e dramaturxia de
Andrea Jiménez e **Noemi Rodríguez**

XUNTA DE GALICIA

Xacobeo 21·22

O Centro Dramático Galego é a unidade de produción teatral da Xunta de Galicia, dependente da Consellería de Cultura, Educación e Universidade a través da Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic).

Centro Dramático Galego
Salón Teatro. Rúa Nova, 34
15705 Santiago de Compostela
Tel. 881 867 229
centro.dramatico.galego@xunta.gal
www.centrodramatico.gal
cdg.salonteatro
cdg.salonteatro
centrodramatico

Comunicación. Agadic
Cidade da Cultura de Galicia. Monte Gaiás, s/n
15707 Santiago de Compostela
Tel. 881 996 073 / 092
prensa.agadic@xunta.gal
www.agadic.gal
agadic

Índice

De memorias e presentes, Fran Núñez.....04

Os gardiáns da memoria, Andrea Jiménez e Noemi Rodríguez.....05

Ficha artística.....06

Funcións.....07

Sinopse.....08

As directoras e dramaturgas: Andrea Jiménez e Noemi Rodríguez.....10

O elenco.....12

O equipo artístico.....19

De memorias e presentes

Fran Núñez | Director do CDG

Cando as directoras de *Terceiro acto* naceron, o CDG xa existía. Semella anecdótico, mais non o é. A súa xeración, que en parte coincide coa das primeiras persoas que estudaron na ESAD de Galicia, é a primeira que herda o Centro Dramático Galego e iso supón unha gran responsabilidade nun tempo no que todo muda moi rápido. Esa xeración é responsable da transición entre a orixe do CDG e o que farán no futuro os que veñan detrás.

Nos próximos anos iranse xubilando algúns dos traballadores e traballadoras que xa son historia e memoria do noso teatro. Manuela Domínguez, a secretaria de dirección, chegou ao pouco de crearse o CDG e xubilouse este ano. Nos últimos días, Manuela estivo intentando sistematizar todo ese saber en grandes árbores de procesos: como facer, cando, quen... Sempre quedan cousas por facer, por compartir, e así, ten aínda pendente poñer nome a moitas das caras que aparecen nas fotografías do arquivo do CDG para que non se perda a memoria. Xa non quedan moitas persoas que poidan facer esa tarefa e unha das misións dun teatro público debe ser que non se perda. Infelizmente, moitas desas persoas hoxe xa non están. Por sorte, Manuela si que poderá compartir un pouco do seu tempo para lles poñer nome a esas caras.

Terceiro acto fala da oportunidade de aprender e compartir con esa xeración, da necesidade de chuchar todo ese coñecemento, esa memoria. É un proxecto no que dúas xeracións se encontran e comparten. Intercambian, dialogan, buscan e encontran o seu lugar. *Terceiro acto* é unha homenaxe ao oficio do teatro, ese que se transmite de xeración en xeración desde hai séculos.

Formo parte da primeira xeración da ESAD de Galicia e lembro que unha das actrices deste espectáculo, nunha conferencia que tivo lugar na ESAD de Galicia hai anos, falou da sorte que tiña o alumnado por ter un espazo onde xogar a ser, onde experimentar e aprender sen a presión do resultado. Unha oportunidade que ela, a súa xeración, non tivera. Esa mesma actriz, no proceso de selección de *Terceiro acto*, comentou que era a primeira vez que sentía que podía traballar sen esa presión, con liberdade, para xogar con outros compañeiros de xeración.

Este espectáculo, ademais de ser unha homenaxe, é o xeito de crear esa transición xeracional, de poder tecer esa ponte entre a fundación do CDG e a da ESAD, as dúas grandes institucións públicas do teatro galego.

Sirva este texto como agradecemento a todas aquelas persoas que acompañaron o proceso de profesionalización do noso teatro, da creación do CDG, da creación da ESAD, e ás que neste espectáculo, cunha inmensa xenerosidade, decidiron darnos a oportunidade de aprender con elas. A todas as que participastes nos encontros do proceso de selección, ás que estades no elenco e ás que dun xeito ou outro compartistes este camiño.

Desenvolver este proxecto era necesario. É o deber dun teatro público. Foise moita xente estes últimos anos e perdemos a memoria, faltaron moitos proxectos, moitos cafés, moitas conversas compartidas.

Mentres escribo estas liñas recibimos unha mensaxe coa triste nova do pasamento de Xosé Manuel Pazos. Foise terriblemente cedo. Quedou un café pendente. Unha pingueira no Salón Teatro fixo que chegásemos xustos de tempo a Cangas para a última conferencia de prensa compartida. A pingueira era urxente. Ese café era importante. Espero que me servira para aprender que as pingueiras do noso teatro non nos poden desviar do importante.

Os gardiáns da memoria

Andrea Jiménez e Noemi Rodríguez

A idea da conversa sempre está moi presente nos nosos espectáculos. Gústanos a idea do teatro como un foro, como un espazo de negociación que serve para tender pontes, para contradicirnos e para achegarnos uns aos outros.

Esta idea de conversación resúltanos profundamente conmovedora e para *Terceiro acto*, ante a pregunta de como podiamos permanecer vinculados ao pasado, nun tempo no que a fenda entre xeracións é tan grande que parece que non podemos herdar as experiencias dos que nos anteceden, propuxémonos ter unha longa e profunda conversa cun grupo de persoas maiores de 60 anos e que ademais dedicaran a súa vida á arte da interpretación e do teatro.

No camiño atopamos cinco persoas extraordinarias, cinco actrices e actores que se entregaron con absoluta xenerosidade á empresa de utilizar o teatro como un lugar para reencontrarse e reflexionar sobre certas cuestións que foron xurdindo ao longo do proceso e converténdose en relevantes. Reflexionamos sobre ese esplendor vital que emana moitas veces do que poderiamos dar en chamar "o terceiro acto dunha vida", preguntámonos como é o proceso de irse facendo maior, falamos dos anhelos, das perdas, dos soños que lles quedan por cumprir dentro e fóra dun escenario, do lugar onde nos coloca a sociedade ao írmonos facendo maiores. Xuntos, lembramos e reflexionamos sobre días pasados, analizamos o impacto da arte na vida destes cinco artistas e buscamos comprender como a historia destas mulleres e homes foi atravesada pola Historia con maiúscula. Cinco persoas que naceron nunha ditadura e que na súa mocidade creron que podían comezar de cero e loitar por un novo mundo. En *Terceiro acto* analizamos tamén o seu legado e formulamos hipóteses sobre como será o mundo cando eles xa non estean.

Neste momento no que a historia corre a una velocidade endiañada, detémonos para escoitar atentamente, nunha especie de soño poético, a aqueles que van diante de nós, os gardiáns da memoria.

Ficha artística

Texto: **Andrea Jiménez e Noemi Rodríguez, a partir de improvisacións co elenco**
Dirección e dramaturxia: **Andrea Jiménez e Noemi Rodríguez**

Elenco

Belén Constenla
Roberto Leal
Fernando Morán
Mabel Rivera
Eduardo R. Cunha "Tatán"

Equipo artístico

Escenografía	**Marta Pazos**
Vestiario	**Yaiza Pinillos**
Iluminación	**Miguel Ruz Velasco**
Espazo sonoro	**Hugo Torres**
Coreografía	**Amaya Galeote**
Asistencia de dirección	**Laura Míguez**
Asistencia de escenografía	**Carmen Triñanes**
Asistencia de produción	**Xandre Vázquez**

Realizacións

Escenografía e utilería	**Equipo técnico do CDG**
Vestiario	**Equipo técnico do CDG**
Máscaras	**Beatriz Nieto**
Fotografías e vídeos	**Miramemira**
Deseño gráfico	**Trisquelia**
Coordinación e corrección de textos	**Rosa Moledo**

Centro Dramático Galego

Dirección	**Fran Núñez**
Produción	**Francisco Veiga**
Secretaria de dirección	**Manuela Domínguez**
Axudante de produción	**Laura Hevia**
Xestión	**Marta Blanco**
Comunicación, prensa e redes sociais	**Ana Miragaya, Ana Rosales e Celeste Suárez**
Publicacións	**Marcelina Calvo e Alberto Santamaría**

Equipo técnico

Técnico de iluminación	**Juanjo Amado**
Asistente de iluminación	**Biqui Cabado**
Técnicos de son	**Antonio G. Budiño e Guillermo Vázquez**
Encargado de estrutura escénica	**Salvador Forján**
Tremoias	**Antonio Mayo, Óscar Ortega, Xaquín Rei, René Rodríguez, Suso Rodríguez e Elixio Vieites**
Auxiliar de imaxe e son	**Juan Carlos Pacios**
Encargado de talleres	**Fernando Rodríguez**
Xastra	**María Negreira**
Limpeza	**Marisol Pérez e M.ª Luisa Seoane**

Agradecementos

Rosario Arias, Roberto Díaz, M.ª Isabel Novo, José Manuel González Sanmartín, Rafa Veiga, Centro Coreográfico Galego, Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia e a todas as persoas que fixeron posible este espectáculo. O noso agradecemento e recordo especial para Mauro Chao.

Funcións

SANTIAGO DE COMPOSTELA. SALÓN TEATRO

Estrea	Xoves 15 de abril ás 20.00 h
Funcións	Do 16 de abril ao 16 de maio
Horarios	Mércores* ás 18.00 h. Xoves ás 20.00 h. Venres e sábados ás 17.00 e ás 20.00 h. Domingos ás 18.00 h
Función inclusiva	Domingo 16 de maio ás 18.00 h
Encontros co público	Todos os domingos, ao finalizar a función
***Funcións descontraídas**	Todos os mércores ás 18.00 h. Unha sesión cunha atmosfera acolledora e con máis tolerancia respecto do ruído e movemento no patio de butacas. Cun prezo especial de 6 euros. Destinada ás persoas que buscan un ambiente máis relaxado que o dunha representación teatral ao uso, así como ás que poidan sentirse máis cómodas nese contorno, como aquelas con déficit de atención, deficiencia intelectual, espectro autista ou deficiencias sensoriais, sociais ou de comunicación.

Venda de entradas

Despacho de billetes do Salón Teatro		Dúas horas antes de cada función
Venda anticipada en liña		Ataquilla.com
Prezo das localidades		10 euros
Descontos		
	40 %	Persoas estudantes, xubiladas, maiores de 65 anos, usuarias do carné xove, desempregadas, familias numerosas, grupos a partir de 10 persoas, xornalistas, profesionais das artes escénicas e membros da Asociación de Antigos Alumnos e Amigos da USC (Alumni USC)
	3x2	Se traes dúas persoas, invitámoste ao teatro. (Só no despacho de billetes do Salón Teatro)
	40 %	Domingo. Día do Espectador: 6 euros

Etiqueta sanitaria	Máscara hixiénica, limpeza de solas nos felpudos colocados a tal efecto e desinfección de mans á entrada e á saída. No caso de presentar síntomas compatibles coa covid-19 ou tela diagnosticada, non se deberá acudir ao teatro. Capacidade limitada ás restricións sanitarias en vigor en cada momento na cidade.
XIRA	Do 12 ao 26 de xullo 2021

Sinopse

Unha troupe *de actrices e actores veteranos reúnese clandestinamente pola noite para emprenderen a que quizais sexa a súa última aventura xuntos. Nesta noite revivirán o que non volverá para entender, para modificar, para se reconciliaren co que xa non está, ao tempo que reflexionan sobre o terceiro acto das súas vidas. Xuntos, analizarán o seu legado e proxectaranse tamén no futuro incerto para falar sobre a vellez, a morte, os seus anhelos e desexos para esta nova etapa da vida.*

Terceiro acto *é unha peza á vez cómica, sombría e fermosa. Un poema escénico sobre a memoria e os soños; un exorcismo, unha celebración da vida e do teatro.*

Andrea Jiménez e Noemi Rodríguez

AS DIRECTORAS E DRAMATURGAS

Andrea Jiménez e Noemi Rodríguez son Teatro En Vilo. No ano 2013 fundan en Londres a compañía, que funciona como plataforma para colaboracións internacionais e interdisciplinarias entre creadores de escena, artistas e investigadores que proveñen de distintos países de todo o mundo.

A compañía persegue un constante diálogo co seu contorno social, político e persoal, o que a obriga a renovar constantemente a súa linguaxe escénica.

Desde os seus espectáculos, Andrea e Noemi buscan situarse na fina liña que separa o teatro da vida e a ficción da realidade. Combinando o improvisado e o coreográfico, o grotesco e o autobiográfico, o humor absurdo e a comedia xestual, a tenrura e a irreverencia, o tándem creativo que son Andrea Jiménez e Noemi Rodríguez lanzouse á apaixonante aventura de intentar desentrañar o tempo no que vivimos.

Desde a creación da compañía, os seus espectáculos visitaron numerosas cidades europeas e percorreron gran parte do territorio español. Nas súas viaxes, a compañía tivo a oportunidade de pisar os escenarios de teatros e festivais de prestixio como o Centro Dramático Nacional, os Teatros del Canal, o Centro Cultural Conde Duque, o Edinburgh Fringe Festival, o BE Festival, o Buffer Fringe ou o Mimetic Festival de Londres, entre outros. A compañía tamén recibiu numerosos premios, entre eles o Premio Ojo Crítico de Teatro 2019, Premio do Público na Mostra de Ribadavia 2020, Premio do Xurado e Premio do Público no Festival Presente-Futuro de Palermo, Mellor Compañía Emerxente no Mimetic Festival e recibiu catro candidaturas aos Premios Max nas categorías de Mellor Espectáculo e Mellor Autoría Revelación por tres dos seus espectáculos.

O elenco

NON

Belén Constenla

Desde que en 1986 comeza en Ourense na compañía Caritel, leva traballando nunhas 36 montaxes teatrais, en compañías como Teatro do Noroeste, Espello Cóncavo, Ollomoltranvía, Ur Teatro, Teatro do Aquí, Teatro do Morcego, Teatro do Atlántico, Lagarta Lagarta, ButacaZero, Redrum Teatro ou no propio CDG.

Na actualidade continúa nos escenarios con *O mozo da última fila* de Redrum Teatro e *Despois das ondas*, de ButacaZero.

No audiovisual participa nunhas 45 producións, tanto de dentro como de fóra de Galicia, entre as que destacan *Amar es para siempre*, *Serramoura*, *Auga seca*, *Matadero*, *Pazo de familia*, *O faro*, *Isabel*, *A praia dos afogados*, *Vilamor*, *El caso Wanninkhof*, *Uco*, *Guante blanco*, *A vida por diante*, *Hospital Central*, *El Comisario*, *Rías Baixas* ou *Os mortos van á présa*, pola que recibe o premio Mestre Mateo.

Conta ademais con tres premios María Casares por *Unha rosa é unha rosa*, *Criaturas* e *O segredo dos Hoffman*, ademais de catro nomeamentos por *Bailando en verán*, *El embrujado*, *Fobias* e *Voaxa e Carmín*.

Roberto Leal

Comeza a súa carreira teatral en 1974, na cidade de Tandil, na Arxentina, e once anos máis tarde trasládase a Galicia, terra do seu pai, onde desenvolve a súa carreira profesional.

Como actor participa en montaxes como *O mozo da última fila* de Redrum Teatro, *Unha rosa entre as pernas* de Teatro en Punto, *Tío Vania* de Factoría Teatro, *Ultimamente non durmo nada* de Teatro da Lúa ou *Historia natural* de Matarile teatro, entre outras.

Para o CDG forma parte dos elencos do *Tartufo* de Molière, *A boa persoa de Sezuán* de Bertolt Brecht e *Illa Reunión* de Ana Vallés.

Dirixe montaxes para a Compañía Sapristi, Voadora, Teatro en Punto ou Bichakadela, e desde hai trinta anos, a aula de teatro do Colexio Manuel Peleteiro. Como docente, participou na aula de teatro da USC.

Destaca o seu traballo no cine con Isabel Coixet, Paula Cons, Xavier Bermúdez ou Manane Fernández, así como en numerosas series de televisión, como o seu último traballo en *O sabor das margaridas*.

En 2000 gaña o Premio María Casares ao mellor actor protagonista pola súa interpretación en *Indignos*, de Gena Baamonde, na compañía María A Parva.

Fernando Morán

Actor de teatro, cine e televisión, posúe unha dilatada traxectoria sobre as táboas, que inicia en 1968. Desde aquela interpretou e dirixiu montaxes en compañías como o CDG, Espello Cóncavo ou Galileo.

Como integrante de Galileo Teatro colaborou, entre outras, nas producións: *Desfeitos*, *Rosso profondo in punto di norte*, *O divertimento do rei*, *Servidor de dous amos*, *O médico á forza*, *Ruzzante* ou *A garda coidadosa*, todas elas baixo a dirección de Pedro Rubín.

Para Espello Cóncavo interveu, baixo a dirección escénica de Arturo López, en *Tres no bambán*, *Limpeza de sangue* de Rubén Ruibal, ademais de protagonizar *Anxeliños*, de Roberto Vidal Bolaño, e *Azos de esguello*, de Euloxio Ruibal.

Nos últimos anos participou nos filmes *La carga*, produción mexicana de Esfera Films, *La playa de los ahogados*, dirixida por Gerardo Herrero, *Todo é silencio*, con dirección de José Luis Cuerda, *Fútbol de alterne*, *Los muertos van deprisa*, *Pradolongo* e *Gutbai, Charly*, así como nunha vintena de curtametraxes.

No audiovisual, formou parte do equipo de series como *Vivir sin permiso*, *Matalobos*, *O Nordés*, *Libro de familia*, *Os Atlánticos*, *Padre Casares*, *A vida por diante*, *As leis de Celavella*, *Rías Baixas* ou *Pratos combinados*.

Polo seu papel na curtametraxe *As almas do Fental* obtivo o Premio á Mellor Interpretación no Budafest Festival Internacional de Cine de Budapest.

Mabel Rivera

Licenciada en Filoloxía Inglesa e Posgrao de Especialización en Arte Dramática, logo de dez anos de teatro non profesional, incorpórase ao elenco dunha das primeiras producións do CDG, *Agasallo de sombras*, de Roberto Vidal Bolaño en 1984, ano da fundación da compañía pública galega. Inicia así a súa carreira profesional en teatro, televisión e cine principalmente como actriz pero tamén como produtora, tradutora e axudante de dirección.

Premiada en numerosas ocasións polo seu traballo, cómpre destacar o premio Goya da Academia de las Artes y las Ciencias Cinematográficas como Mellor Actriz de Reparto polo filme *Mar adentro*, de Alejandro Amenábar, en 2005. Conta tamén no seu haber con varios premios Mestre Mateo da Academia Galega do Audiovisual, así como numerosos nomeamentos e recoñecementos á súa traxectoria, como o Premio da Cultura Galega 2017, no apartado de Artes Escénicas.

Eduardo R. Cunha "Tatán"

Actor, titiriteiro e cantautor, formouse no Departamento de Marionetas de Fíos do Institut del Teatre de Barcelona. En 1983 funda a compañía Tanxarina, onde desenvolve a maior parte da súa produción artística, con máis de vinte espectáculos. En 1994 funda a Compañía Producións Teatrais do Sur, xunto con Teatro de Ningures e Teatro do Morcego; e en 2001 forma parte do elenco de *A cacatúa verde*, dirixida por Eduardo Alonso para o CDG.

Participou como actor secundario en máis de catorce filmes e diversas curtas e series de televisión. Dirixiu e fixo dramaturxia para diversos espectáculos de actores e monicreques. É autor do libro *Como facermos títeres, sombras, carautas e cabezudos*, e coprogramador de once edicións do Festival Internacional de Títeres de Redondela. En 2016 edita o CD musical *Tatán Chapeu*.

Con Tanxarina obtén tres premios María Casares aos mellores espectáculos infantís, así como o Premio FETEN ao mellor espectáculo de monicreques. Foi nomeado Xograr de Outono en 2014 no FIOT de Carballo e recibiu o premio Maruxa Villanueva en 2018, outorgado polo Concello de Padrón.

O equipo artístico

Marta Pazos

ESCENOGRAFÍA

Directora de escena, escenógrafa e intérprete. É directora artística e dramaturga da compañía Voadora. Licenciada en Belas Artes pola Universidade de Barcelona na especialidade de pintura, amplía a súa formación na Scuola Còmia da Societas Raffaello Sanzio, dirixida por Claudia Castellucci.

Dirixiu teatro e ópera para o Teatro Real, Centro Dramático Nacional, Teatro Español, Teatre Lliure ou o CDG.

As súas postas en escena estiveron presentes en festivais como Temporada Alta, Festival de Almagro, Clásicos en Alcalá, MIT Ribadavia ou Escenas do Cambio; e en escenarios internacionais como MA Scéne Nationale (Francia), Festival de Almada (Portugal), Festival de Agosto (Mozambique), Festlip (Brasil), FITEI (Portugal), Festivais Gil Vicente (Portugal) ou Capital Europeia da Cultura-Guimarães 2012 (Portugal).

Conta con catro premios de Teatro María Casares, o Premio de Honra Dorotea Bárcena XXIX Fetega-2018 e o Premio de Honra Roberto Vidal Bolaño 2020 ao mérito nas artes escénicas, concedido pola Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia.

Yaiza Pinillos

VESTIARIO

Licenciada en Historia da Arte, posúe estudos en Belas Artes e varios posgraos internacionais sobre manipulación téxtil. En Galicia colaborou en varias producións da compañía ilMaquinario e foi dirixida en múltiples ocasións por Fefa Noia.

Participou en importantes producións para o Festival Internacional de Teatro Clásico de Mérida, así como para o Teatro Español e Naves del Matadero ou o Centro Dramático Nacional. Na actualidade prepara a súa quinta colaboración co Ballet Nacional de España.

Entre os galardóns que recibiu destaca o premio María Casares ao mellor vestiario pola obra *Perplexo*, de ilMaquinario en 2017.

Miguel Ruz Velasco

ILUMINACIÓN

Licenciado en Escenografía, a súa traxectoria profesional céntrase no deseño de iluminación teatral.

Colabora con diversas compañías de teatro, como Cris Blanco, Los bárbaros, Los números imaginarios ou Teatro En Vilo.

Os seus deseños de iluminación amosáronse no Centro Dramático Nacional, o Teatro Real, Teatros del Canal, Teatro Circo Price e Naves del Matadero, entre outros espazos escénicos de dentro e de fóra de España.

Tamén se encarga da iluminación do ciclo de concertos *Descubre*, no Auditorio Nacional de Música, e deseñou a luz de varias óperas dirixidas por Rafael R. Villalobos. Coa compañía Teatro En Vilo foi o encargado do deseño de iluminación de *LocXs por amor*, *Generación Why*, *Mis Mara, quien se reserva no es artista*, *Man Up*, *La distancia* e *Hoy puede ser mi gran noche*.

Hugo Torres

ESPAZO SONORO

Actor, músico, compositor e produtor. Comeza a súa traxectoria aos seis anos na compañía Trigo Limpo de Tondela (Portugal). Na década dos 90 trasládase ao Porto, onde se licencia en Teatro, especialidade de Interpretación, na Escola Superior de Música e das Artes do Espectáculo. Entre 1999 e 2006 forma parte do elenco estable do Teatro Nacional São João do Porto.

A inicios do ano 2000 viaxa a Barcelona para cursar estudos de cinema no Centre d'Estudis Cinematogràfics de Catalunya. Desde 2007 vive en Santiago de Compostela, onde funda xunto a José Díaz e Marta Pazos a compañía Voadora.

Conta cun Premio María Casares XVII á mellor música orixinal por *Tokio3*.

Amaya Galeote

COREOGRAFÍA

Bailarina e coreógrafa titulada en Danza Clásica polo Conservatorio de Danza de Madrid e licenciada en Historia da Arte pola Universidade Complutense de Madrid, posúe tamén estudos de danza contemporánea, interpretación e canto.

Como coreógrafa ten unha traxectoria moi ecléctica. Realiza pezas de danza para o Ballet de Carmen Roche, o Psicoballet e o Laboratorio de Danza 180.

Traballa para distintos teatros, como o Teatro de la Zarzuela, Teatro Real, Teatro Español ou Teatros del Canal, e participa en varias producións para o Centro Dramático Nacional.

Colabora con directores como Carme Portacelli, Juan José Villanueva, Pilar Almansa, Emilio Hernández, Gianina Carbonariu, Amelia Ochandiano e Marta Pazos, así como con compañías como Teatro En Vilo.

Laura Míguez

ASISTENCIA DE DIRECCIÓN

Produtora e pedagoga, é titulada superior en Arte Dramática, diplomada en Educación Social e Máster de Artes Escénicas pola Universidade de Vigo.

Iniciou o seu camiño profesional en 2008 protagonizando o musical *Game Over* de Cachuzo Teatro. Posteriormente colaborou con compañías como Teatro do Noroeste en *Piratas* e T*ouporroutou da lúa e do sol*, en coprodución co CDG así como en *Coma e punto* de Antagonista Teatro ou *Roedores* e *A nena que quería navegar* de Redrum Teatro. En 2012 cofunda ilMaquinario Teatro, presentando *O home almofada*, *Perplexo* e *Resaca*.

No eido audiovisual, protagonizou o filme *María Solinha* de Ignacio Vilar e participou noutras producións como *A esmorga*, *Pazo de familia*, *Fontealba* ou *Serramoura*.

Combina o labor intérprete coa produción de espectáculos e a docencia na Escola Superior de Arte Dramática de Galicia. En 2017 foi galardoada co Premio María Casares á mellor actriz secundaria.

Carmen Triñanes

ASISTENCIA DE ESCENOGRAFÍA

Escenógrafa, *vestiarista* e iluminadora, diplomouse en Deseño de Moda polo Istituto Europeo di Design en Barcelona.

Tras graduarse, traballa asistindo ao deseñador de vestiario Chu Uroz, para La Fura dels Baus, en diferentes óperas como *Babylon* na Ópera de Munich (2012), *Parsifal* na Ópera de Colonia (2013), *Sansone et Dalila* para a Ópera de Roma e o Palau de la Ópera de Valencia (2013-2015) ou *Aida* para L'Arena di Verona, Italia (2013). Participa como escenógrafa e *vestiarista* en diferentes producións de toda índole, como videoclips, concertos, pezas de videodanza, espectáculos de danza contemporánea, longas e curtametraxes.

Recentemente, graduouse en Arte Dramática na especialidade de Escenografía, Vestiario e Iluminación polo Institut del Teatre de Barcelona onde recibiu unha bolsa Erasmus para a Universidade Aalto de Helsinki e a ZHdK de Zürich. Actualmente traballa como directora técnica e asistente de escenografía en Voadora.

Xandre Vázquez

ASISTENCIA DE PRODUCIÓN

Produtor e promotor. Licenciado en Xornalismo pola USC e MBA de Xestión de Empresas e Institucións Culturais pola Universidade Complutense de Madrid.

Fundador de Educateatro Producións, compañía coa que produciu, baixo a dirección de Luis Crespo e Paulo Medal, os musicais familiares de *Os tres porquiños*, *Carapuchiña Vermella*, *O mundo máxico de Pinocho* e *O Camiño de Santiago (e Mariña)*, ademais de editar cadanseu libro+cd. É cofundador de Culturinvest, empresa coa que desenvolveu a exposición interactiva *Dinosaurs Live —The Exhibition—*, o itinerante *Paseo Xurásico* e o *Circo de Nadal* de Vigo en 2019.

Foi axudante de produción e xerente-rexedor en *Fedra*, de Luis Luque e Paco Bezerra para Pentación Espectáculos, e xerente de compañía nas montaxes *Prometeo*, de José Carlos Plaza e Luis García Montero, e *Metamorfosis*, de David Serrano e Mary Zimmerman, coproducidas polo 65º Festival Internacional de Teatro Clásico de Mérida.

CDG
www.centrodramatico.gal
cdg.salonteatro
cdg.salonteatro
YouTube centrodramatico

Trisquelia